



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Comunidade Autónoma de Galicia reconece, tanto na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de homes e mulleres de Galicia, coma na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e na Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos fillos e fillas, e comprométese a promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

O financiamento deste Convenio de colaboración coa Universidade de Vigo encádrase no marco dos fondos finalistas do Estado asignados á Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables en Galicia.

A Universidade de Vigo, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, que desfrutan de autonomía, de acordo coa Constitución e coa Lei e a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Os Estatutos da Universidade de Vigo recollen no seu artigo 3.1.n) que para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade de Vigo poderá establecer relacións académicas, culturais ou científicas con institucións españolas ou estranxeiras e fomentar os correspondentes intercambios.

A finalidade das actuacións a subvencionar a través deste convenio consiste na execución de medidas do Plan Corresponsables, para promover os coidados e a corresponsabilidade entre os homes da comunidade universitaria, incrementando a súa implicación efectiva na vida académica, profesional e pesonal, xerando cambios sostibles





nas normas, nas prácticas, nas políticas institucionais da universidade e na sociedade en xeral.

Entre os seus fins está o desenvolvemento de accións de sensibilización, formación e investigación, en materia de corresponsabilidade, igualdade nos coidados e masculinidades igualitarias, dirixidas á comunidade educativa universitaria, a través da súa Unidade de Igualdade

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de interese o fomento das ditas actividades que impulsará coa concesión directa dunha subvención a través deste convenio que se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento de estudos e diferentes accións cunha perspectiva de xénero no ámbito da conciliación e a corresponsabilidade

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos dos sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Consellería de Política Social e Igualdade, ten as competencias en materia de fomento da conciliación da vida familiar, laboral e persoal, estima polo tanto oportuno asinar un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é desenvolver o Plan Corresponsables en Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Promoción da Igualdade

Maria Quintiana Pérez

